


Convenio de cooperación entre a Sociedade Galega de Medio Ambiente e a Deputación Provincial de Ourense para a realización da “I Campaña provincial de compostaxe doméstica”, na provincia de Ourense

En Ourense, no Pazo Provincial, a 7 de setembro de 2016, comparecen,


Dunha banda, Don José Manuel Baltar Blanco, presidente da Deputación Provincial de Ourense.

Doutra banda, Don Javier Domínguez Lino, presidente da Sociedade Galega de Medio Ambiente (SOGAMA,S.A).



Os comparecentes actúan en representación das respectivas entidades que presiden, con plenas facultades para o outorgamento do presente acto.

Na súa virtude, **EXPOÑEN:**


- 
1. No 2010, a Deputación Provincial de Ourense puxo en marcha unha campaña de compostaxe doméstica nos trinta e sete municipios da provincia que, nese ano, estaban adheridos aos convenios de cooperación para a xestión provincial delegada do servizo de recollida de RSU (Amoeiro, Avión, Baltar, Bande, Beariz, Boborás, Blancos (Os), Calvos de Randín, Castro Caldelas, Chandrexa de Queixa, Coles, Entrimo, Irixo (O), Larouco, Lobeira, Lobios, Manzaneda, Montederramo, Muíños, Padrenda, Pereiro de Aguiar, Peroxa (A),

Petín, Pobra de Trives (A), Porqueira, San Amaro, San Cibrao das Viñas, San Cristovo de Cea, San Xoán de Río, Sandiás, Sarreaus, Teixeira (A), Toén, Trasmiras, Vilamarín, Vilamartín de Valdeorras e Xinzo de Limia). Destes trinta e sete concellos, dous deles - Calvos de Randín e Os Blancos - renunciaron expresamente á realización da devandita campaña.

2. No exercicio 2011, o concello de Carballeda de Valdeorras adheriuse ao convenio de xestión de RSU e solicitou á Deputación a realización da campaña de compostaxe doméstica, que tamén se levou a cabo neste municipio.



3. Ao marxe do anterior, e con posterioridade ao exercicio 2010, sumáronse máis concellos ao servizo intermunicipal delegado de recollida de RSU xestionado pola Deputación, quedando pendentes nove municipios, dos corenta e sete da provincia aos que a Deputación lles xestiona a recollida do lixo, nos que non se realizou a devandita campaña (O Carballiño, Castrelo de Miño, Punxín, Rairiz de Veiga, Ribadavia, A Rúa, Rubiá, A Veiga e Viana do Bolo). Por tal motivo, estes foron os candidatos para realizar a campaña de compostaxe doméstica do ano 2013, promovida por SOGAMA e a Deputación.



4. De todos eles, Ribadavia renunciou á realización desta campaña, ao tempo que pasaron a adherirse ao convenio de prestación do servizo de recollida de residuos sólidos urbanos os concellos de A Bola e A Gudiña, substituíndo o lugar deste.

5. En resumidas contas, dende o 2010 ata o 2013, a Deputación, tanto independentemente como conxuntamente con SOGAMA, realizou campañas de

compostaxe doméstica nos 49 concellos aos que a Deputación, nese momento, lles prestaba o servizo de recollida de RSU en réxime de competencias delegadas. A excepción de Calvos de Randín, Os Blancos e Ribadavia, que renunciaron expresamente.

6. No ano 2014, e tendo en conta isto, levouse a cabo a Campaña 2014-2015, que incluíu, por unha banda, a estes concellos nos que non se realizaran campañas con anterioridade e, por outra, a todos aqueles que presentaban un rango de participación menor do 1,5 %, co obxectivo de conseguir progresivamente en anos posteriores diminuír a desigualdade entre municipios.


7. No seguinte ano (2015), e a diferenza das anteriores, a campaña de compostaxe doméstica abriuse para todos os cidadáns dos 50 concellos onde a Deputación lles prestaba o servizo de recollida de RSU en réxime de competencias delegadas, incluíndo Vilariño de Conso (concello que firmou o convenio nese mesmo ano).

8. Tal e como se pode observar, nestes dous últimos anos estase a producir un desfase de tempos entre a realización da campaña e a consecución dun ano natural, polo que, coa idea de regularizar esta situación e co fin de facilitar os trámites da intervención preténdese pór en marcha unha nova campaña anual.

9. Por isto, neste ano 2016 daríase comezo á devandita campaña provincial de compostaxe doméstica, que, a diferenza de todas as anteriores, destinaríase a calquera


concello da provincia da Ourense con poboación menor a 20.000 habitantes, é dicir a 91 concellos dos 92 que ten a provincia, con base no ámbito da cooperación con concellos.

10. Polo exposto, e tendo en conta a proposta do convenio ao que se fai referencia no encabezamento, elaborado pola Secretaría Xeral e o Servizo de Augas e Medio Ambiente *da Deputación*, os comparecentes acordan a subscrición do presente **Convenio anual de cooperación entre a Sociedade Galega de Medio Ambiente e a Deputación Provincial de Ourense para a realización da “I Campaña provincial de compostaxe doméstica”, na provincia de Ourense**, dando continuidade ás realizadas na provincia entre os anos 2010-2012, por parte do ente provincial, e as posteriores, coa colaboración expresa de SOGAMA, nos anos 2013, 2014-2015 e 2015-2016, conforme ás seguintes:




CLÁUSULAS:

1ª) Obxecto



Constitúe o obxecto deste convenio regular as condicións de financiamento da “I Campaña provincial de compostaxe doméstica” na provincia de Ourense por parte da Deputación Provincial e da Sociedade Galega de Medio Ambiente, así como a xestión e coordinación da posta en marcha e funcionamento da devandita campaña, baseada en dar continuidade ás iniciadas pola Deputación e SOGAMA dende o ano 2013 ata o momento actual. Esta nova campaña de compostaxe doméstica pretende, a diferenza de todas as anteriores, dar servizo a calquera concello da provincia da Ourense que estea interesado en participar, con prioridade daqueles que non teñan realizado campañas anteriores con calquera administración e sempre e cando contén cunha poboación inferior aos 20.000 habitantes. Deste xeito, a campaña iría dirixida a 91 concellos dos 92 que ten a provincia, xa que o único que supera en poboación os 20.000 habitantes é a capitalidade.



2ª) Dereitos e obrigas das entidades asinantes do convenio

Primeira.-

O importe destinado á “I Campaña provincial de compostaxe doméstica” na provincia de Ourense, a través da sinatura deste convenio anual será de 40.000 € (IVE incluído) a sufragar no 50% por ambas partes- Deputación e Sogama- de tal xeito que suporá o aporte de 20.000 € por cada entidade.

A Deputación encargarse do control e supervisión do correcto desenvolvemento da campaña.

Segunda.-

Esta campaña poderá ser levada a cabo, ou ben polos medios propios das entidades que asinan este convenio, ou ben a través de calquera fórmula de xestión indirecta. A contratación incluíría, en todo caso, a subministración de composteiros, a realización do programa de formación e o de seguimento dos participantes.

Terceira.-

SOGAMA deberá aboar na conta da Deputación Provincial a cantidade correspondente ao 50% do convenio, 20.000 €, xa que esta administración, a través do Servizo de Augas e Medio Ambiente, será quen se encargue de contratar e certificar o correcto desenvolvemento da “I Campaña provincial de compostaxe doméstica” na provincia de Ourense e, por conseguinte, de efectuar os pagos á empresa encargada da mesma. Pola



SOGAMA
SOCIEDADE GALEGA
DO MEDIO AMBIENTE



DEPUTACIÓN PROVINCIAL
OURENSE

contra, a xustificación dos traballos realizarase mediante a comprobación, por parte de persoal funcionario, da recepción do material subministrado, ou ben, en caso de servizos prestados coa presentación dun informe final que recolla un resumen das traballos realizados en cada caso.

Cuarta.-

A Deputación asume integramente as tarefas que se desprendan da xestión e coordinación da posta en marcha e desenvolvemento da "I Campaña provincial de compostaxe doméstica" na provincia de Ourense, que son as seguintes:

- Dirección, supervisión e control de todos os traballos vinculados á campaña.
- Comprobación e recepción do material que se entrega, en cantidade e calidade.
- Aprobación dos contidos das xornadas de formación, de informes e de calquera publicación ou comunicado que se derive desta campaña.
- Revisión do material didáctico a entregar aos participantes.
- Asegurar o cumprimento das tarefas, pola empresa contratada, para a realización destes traballos.

En todas as actividades de divulgación da campaña, farase referencia expresa á colaboración de SOGAMA.

3ª) Estrutura da “I Campaña provincial de compostaxe doméstica”

Esta “I Campaña provincial de compostaxe doméstica”, na provincia de Ourense, que se pretende impulsar por parte da Deputación e SOGAMA, concíbese cun carácter provincial, o que supón unha nova planificación e organización dos traballos que a conformen.


Así, a devandita campaña quedaría estruturada nas seguintes fases:

- Primeira fase- Captación e selección dos participantes: nesta etapa promoverase a participación dos veciños a través do compromiso de colaboración dos concellos que queiran formar parte desta campaña.

O sistema de selección estará baseado nun criterio por orde de aceptación de solicitude e nun criterio de prioridade no que prevalecerán as solicitudes de concellos que non participaran con anterioridade en campañas de compostaxe promovidas nin por Sogama, nin pola Deputación ou Ministerio, fronte as demais.

Asemade, esixiranse uns criterios mínimos obrigatorios aos concellos para participar tales como o nomeamento dunha persoa do concello responsable da campaña, a posta a disposición de medios necesarios para executar as actividades desta ou o compromiso de dispor dun número mínimo de participantes, entre outros.

Respecto dos veciños, deberán asumir tamén uns condicionantes de cumprimento obrigado para poder ser participantes. Por exemplo, ter a súa primeira residencia no municipio do concello participante, asistencia á xornada de formación, dispor dunha superficie mínima de horta ou zonas verdes, etc



Deste xeito, intentarase chegar a un número de participantes que permita cubrir a totalidade de composteiros que se adquirirán.

- Segunda fase- Subministración do material necesario (composteiros, manuais e carteis): nesta fase adquirirase todo o material posible para dar a maior cobertura ao número de solicitudes presentadas e aceptadas.

Este material constará de composteiros cunhas determinadas condicións que permitan obter un compós de calidade, de manuais para cada un dos participantes co modelo e estrutura de SOGAMA, e de carteis anunciadores da campaña para colocar en cada un dos concellos participantes.

- Terceira fase- Programa de formación: este constará da realización de xornadas nas que se transmitirán coñecementos mínimos para que os participantes poidan realizar compós de calidade nos seus fogares de maneira autónoma. Estas serán obrigatorias para aqueles veciños que queiran participar, e se realizarán nos municipios dos concellos seleccionados para participar, dos 91 candidatos que ten a provincia.

- Cuarta fase- Programa de seguimento: este consistirá na realización de visitas de seguimento aos composteiros, para comprobar a correcta realización do compós, e así poder axudar a corrixir desviacións, propoñer solucións, solucionar dúbidas e recoller calquera tipo de suxestión por parte do participante. Todo isto quedará recollido nos informes que se xeren a partir das devanditas visitas.



4ª) Relación Laboral

A subscrición do presente convenio non implica relación laboral, contractual ou de calquera tipo, entre os profesionais que desenvolvan as actividades e SOGAMA, de tal xeito que a esta non se lle poderá esixir responsabilidade algunha, nin directa nin subsidiaria, polos actos ou feitos ocorridos no desenvolvemento do mesmo.

5ª) Publicidade



A sinatura do presente convenio suporá o consentimento expreso das partes asinantes para incluír e facer públicos os datos persoais que consten no convenio, e mailo resto de especificacións contidas no mesmo, de conformidade co artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de Transparencia e Bo Goberno (DOG nº 30 do 15 de febreiro) e o Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia (DOG nº 149 do 3 de agosto).

6ª) Vixencia

O presente convenio producirá efectos, para ambas as dúas entidades, desde a sinatura do mesmo e ata a total execución das accións previstas, e, en todo caso, ata o 31 de decembro de 2016, sen prexuízo da posibilidade da súa prórroga por mutuo acordo entre as partes polo tempo indispensable para a finalización das accións a desenvolver, non podendo superar esta prórroga os seis meses de duración.



SOGAMA
SOCIEDADE GALEGA
DO MEDIO AMBIENTE



DEPUTACIÓN PROVINCIAL
OURENSE

7ª) Natureza e réxime xurídico


O presente convenio terá natureza administrativa, correspondéndolle á xurisdición contencioso-administrativa para a resolución das controversias sobre a súa validez, eficacia, efectos e extinción.

O presidente da Deputación Provincial



Asdo.: José Manuel Baltar Blanco

O presidente de Sogama,



Asdo.: Javier Domínguez Lino